

## **RESOLUCIÓN REITORAL DO 20 DE XANEIRO DE 2012, POLA QUE SE APROBA O PROCEDIMENTO E A CONVOCATORIA DUNHA BOLSA-COLABORACIÓN PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NAS OPERACIÓNS NAS SALAS DE VIDEOCONFERENCIA, DENTRO DO ÁMBITO DO CAMPUS DE OURENSE, PARA O ANO 2011**

Tanto a Lei orgánica 1/1990, de 8 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, como a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril de 2007, contemplan o establecemento dunha política xeral de bolsas, axudas e créditos ao estudantado universitario.

O alumnado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 100.d dos Estatutos, aprobados mediante Decreto 7/2010, de 14 xaneiro, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 105 dos referidos Estatutos, poderá ofrecer ao seu alumnado bolsas de colaboración nos servizos de asistencia á comunidade universitaria como programas complementarios de axudas para cubrir necesidades non atendidas ou insuficientemente atendidas polas administracións públicas.

En consonancia co exposto, estímase conveniente a tramitación dun expediente para a apertura da convocatoria dunha bolsa, cuxa xestión se realizará de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, coa finalidade de fomentar, a través dun sistema xusto de axudas, unha mellor formación do alumnado, todo isto a través do servizo que poida prestar á comunidade universitaria colaborando en labores que se axusten a determinadas áreas de traballo definidas na presente convocatoria, en réxime de compatibilidade cos seus estudos e iniciándose así en tarefas vinculadas aos mesmos.

De acordo co indicado e en virtude das facultades conferidas no artigo 61 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, no artigo 37 das normas de

desenvolvemento do orzamento de 2012, e na resolución do 5 de setembro de 2011 de delegación de competencias,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a convocatoria dunha Bolsa-colaboración para a formación complementaria do alumnado da Universidade de Vigo nas operacións nas salas de videoconferencia do campus de Ourense, con carácter de axudas á promoción educativa, cultural, profesional e científica.

**Segundo.-** Aprobar as bases que deben de rexer a convocatoria que figuran como Anexo I da presente resolución.

**Terceiro.-** Ordenar a publicación da presente convocatoria nos taboleiros de anuncios de todos os centros do campus de Ourense e no Rexistro Xeral e Auxiliares da Universidade de Vigo.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados desde o seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, os/as interesados/as poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes mencionado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ourense, 20 de xaneiro de 2012

O REITOR

P.D. (R.R.05/09/11)

A Vice-reitora do campus de Ourense



Asdo.: María Lameiras Fernández

## **ANEXO I "BASES"**

### **I.- Obxecto.**

A bolsa concédese co obxecto de facilitar que estudantes da Universidade de Vigo presten a súa colaboración, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, nas operacións das salas de videoconferencia do campus de Ourense. Preténdese que a persoa beneficiada pola bolsa-colaboración se inicie en tarefas que, ou ben estean vinculadas aos estudos que está cursando, ou ben lle sirvan de aprendizaxe laboral e, deste modo, contribuír a súa formación nunha materia concreta, incorporándoo a un contorno de traballo real na administración universitaria.

### **II.- Persoas destinatarias.**

Alumnado matriculado en calquera dos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais ou propios na Universidade de Vigo no curso 2011/2012, incluídos aqueles que estean realizando o Proxecto de Fin de Carreira ou Tese de Licenciatura, que acrediten un nivel de coñecemento axeitado á súa finalidade, isto é, que teñan os coñecementos precisos que lles permitan ampliar a súa formación no obxecto desta convocatoria.

### **III.- Tipo de bolsa, duración e destino.**

Convócase unha bolsa de colaboración nas operacións das salas de videoconferencia do campus de Ourense.

A bolseira ou bolseiro desenvolverán as seguintes funcións: operación das salas de videoconferencia do campus; gravación de conferencias e clases; custodia e mantemento básico dos equipos; asesoramento básico ao usuario; velar polo correcto uso das infraestructuras; detectar as incidencias que se produzan; detectar as necesidades da aula e informar e actualizar a información a usuarios en relación as salas e outras tarefas de natureza similar ás descritas.

Obxectivos formativos: mellorar as habilidades e técnicas comunicativas, a capacidade de relación, a responsabilidade e a capacidade de organizar as súas propias tarefas.

Formación técnica: sesións formativas, ao inicio da prestación, e seguimento ao

longo do período da bolsa.

A duración da bolsa será dende o **15 de febreiro ata o 15 de xuño** de 2012.

#### **IV.- Responsables, actividades e horario**

A persoa beneficiaria da bolsa estará baixo a responsabilidade da Vicerreitora do campus de Ourense.

A persoa bolseira terá asignado/a un titor, que será o coordinador de servizos multimedia da Universidade de Vigo, que se responsabilizará da formación impartida e do desempeño da actividade de colaboración así como da orientación do desenvolvemento da bolsa.

O titor ou titora deberá establecer un plan de formación que suporá un beneficio académico para a persoa beneficiaria da bolsa a quen instruirá nas actividades que debe desenvolver no período de colaboración. O plan de formación establecerá, entre outros:

- Número de horas diarias.
- Período.
- Coñecementos e habilidades que debe adquirir o bolseiro ou bolseira.
- Obxectivos.
- Xustificación.
- Titor ou titora que se asigna.

Ao finalizar o período de duración da bolsa o titor ou titora deberá emitir un informe sobre a persoa beneficiaria da bolsa.

O número de horas de colaboración será de catro diarias (20 semanais).

#### **V.- Requisitos das persoas solicitantes**

1. A persoa solicitante dunha bolsa-colaboración nas operacións das salas de videoconferencia do campus de Ourense deberá reunir os seguintes requisitos:

- a. Estar matriculada no curso 2011/2012 en calquera dos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais ou propios de grao impartidos en centros desta Universidade.
- b. Ter superado dúas materias de informática nun centro universitario ou ter realizado un mínimo de 120 horas lectivas en cursos de informática.

2. Non poderá solicitar bolsa-colaboración:

- a. Quen durante o tempo que goce desta bolsa manteña unha relación laboral ou administrativa con algunha entidade pública ou privada.
- b. Quen tivese unha bolsa de formación complementaria durante dous anos completos consecutivos (sen contar o mes de verán inhábil).

## **VI.- Solicitudes.**

As solicitudes para participar na presente convocatoria axustaranse ao modelo que figura como **Anexo II** e estará a disposición das persoas interesadas no seguinte enderezo: <http://vicou.uvigo.es>.

As solicitudes deberán presentarse **dende o 23 de xaneiro de 2012 ata as 14:00 horas do 1 de febreiro de 2012**, no Rexistro Auxiliar do campus de Ourense

Non obstante poderán presentarse indistintamente no Rexistro Xeral da Universidade de Vigo, en calquera dos Rexistros auxiliares ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

As solicitudes irán dirixidas á Vicerreitora do campus de Ourense e presentaranse acompañadas da seguinte documentación:

1. *Currículum Vitae*, no que se indicarán os coñecementos de formación previa que considere de interese para a función a desenvolver e todos aqueles documentos acreditativos. Deberán resaltarse aquelas actividades relacionadas co obxecto da convocatoria.
2. Certificación Académica Persoal dos estudos realizados e dos cursos de especialización.

3. Resgardo de matrícula.
4. De ser o caso, xustificante de disfrute de bolsas distintas ás de axuda ao estudo.
5. Vida laboral.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do Servizo Público de Educación Superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

Quen sexa solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: xestión administrativa e académica do seu expediente, oferta e prestación de servizos universitarios, realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións, enquisas e seguimento dos servizos universitarios prestados, así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e prácticas en empresas. A responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse perante a Universidade de Vigo.

#### **VII.- Tramitación de solicitudes.**

Recibidas as solicitudes, a vicerreitoría revisará os expedientes e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resultase que ésta estivese incompleta ou defectuosa, requirirase á persoa solicitante para que achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, en caso contrario, a súa solicitude sería arquivada.

#### **VIII.- Selección de candidaturas.**

Constituírase unha Comisión de Valoración das solicitudes de bolsas de colaboración.

A Comisión de Valoración estará integrada polas seguintes persoas:

- Presidenta: Vicerreitora do campus de Ourense ou persoa en quen delegue.

- Vogais:

- o O director da área de descentralización do campus de Ourense
- o O coordinador de servizos multimedia da Universidade de Vigo
- o Unha persoa en representación do profesorado, designada pola Vicerreitora do campus de Ourense.
- o Unha persoa en representación do alumnado designada pola Vicerreitora do campus de Ourense.
- o Unha persoa en representación dos Servizos Informáticos con destino no campus de Ourense.

- Secretario/a: A persoa designada pola Vicerreitora do campus de Ourense entre o PAS do seu ámbito.

A Comisión, para a valoración das solicitudes, terá en conta os seguintes criterios e baremos:

- a. Media do expediente académico: ata 4 puntos.
- b. Ter disfrutado dunha bolsa-colaboración para operacións de salas de videoconferencia na Universidade de Vigo durante un tempo en ningún caso superior a un ano: ata 2 puntos.
- c. Cursar estudos de Enxeñaría Informática, Enxeñaría Técnica Informática de Xestión ou Grao en Enxeñaría Informática: ata 2 puntos.
- d. Ter realizado cursos de informática relacionados coas actividades obxecto da presente convocatoria organizados ou impartidos por universidades, organismos públicos ou centros de formación: 1 punto.  
A valoración dos cursos farase de acordo co seguinte criterio:
  - Por cada 60 horas lectivas: 1 punto.
- e. Outros méritos: ciclos formativos relacionados coa convocatoria, experiencia profesional: 1 punto

Rematado o proceso de selección por parte da Comisión, faranse públicas nos taboleiros do rexistro do campus de Ourense, as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas de acordo coa puntuación obtida, fixándose un prazo de tres días hábiles, que se contarán desde o seguinte á publicación das

devanditas listas, para que se presenten as alegacións que se consideren oportunas á presidenta da comisión.

Resoltas as alegacións, procederase á publicación definitiva das candidaturas seleccionadas.

As candidaturas admitidas que non obtivesen bolsa quedarán nunha lista de agarda.

A persoa proposta terá un prazo de 3 días hábiles para presentarse a Vicerreitora do campus de Ourense. Transcorrido este prazo, entenderase que non se presenta e renuncia aos beneficios da bolsa e o seu posto será ocupado por outra persoa admitida atendendo á lista de agarda.

### **IX.- Resolución da convocatoria.**

A Comisión de valoración, concluído o trámite de selección de candidaturas, formulará á Vicerreitora do campus de Ourense a proposta de asignación das bolsas, así como da lista de agarda e a súa orde de prelación.

A vicerreitora, á vista da proposta, ditará a Resolución de adxudicación da bolsa para as aulas de videoconferencia, así como da lista de agarda e a súa orde de prelación para os casos de renuncia, revogación ou incremento, e publicarase nos taboleiros de anuncios dos centros e no seguinte enderezo: <http://vicou.uvigo.es>, para os efectos previstos no artigo 59, número 5, apartado b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada por la Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

### **X.- Importe.**

O importe total do crédito orzamentario comprometido para esta convocatoria ascende a 1.600 euros que serán sufragados co cargo á seguinte aplicación:

- OUR1 421S 482.05.

O bolseiro ou bolseira recibirá en concepto de axuda para a súa formación as cantidades que se aboarán no número de conta que facilite. Os pagamentos faranse mensualmente.

En todo caso, os pagamentos estarán suxeitos aos procedementos de control interno que estean establecidos na Universidade de Vigo.

## **XI.- Obrigas, revogación e renuncia.**

A persoa beneficiaria da bolsa estará obrigada a colaborar nas tarefas específicas das bolsas convocadas, así como ao cumprimento das indicacións que para un mellor funcionamento lles sexan encomendadas polo titor ou titora.

O titor ou titora poderá propoñer á Vicerreitora a revogación da bolsa concedida, debendo a persoa beneficiaria proceder ao reintegro das cantidades percibidas indebidamente, nos seguintes casos:

1. Ocultación ou falsidade de datos ou documentos que serviran de base para a concesión da bolsa.
2. Incumprimento reiterado das obrigas contraídas como bolseiro ou bolseira.

En todo caso, no suposto de que a persoa beneficiaria dunha bolsa anule a matrícula dos seus estudos perderá automaticamente a súa condición de bolseiro ou bolseira.

A renuncia á bolsa, que deberá facerse por escrito cunha antelación mínima de vinte días á data da baixa, permitirá a adxudicación desta, e polo resto da súa vixencia, á persoa admitida que corresponda da lista de agarda. De terse iniciado o período de disfrute da bolsa, a renuncia a ela suporía a supresión das percepcións económicas inherentes a esta dende a data en que se presentara a renuncia.

## **XII.- Réxime xurídico.**

Dado o carácter da función que ten que desenvolver, na que prima a formación práctica da persoa beneficiaria da bolsa por riba doutras consideracións, a concesión da presente bolsa non crea ningunha vinculación contractual, laboral ou administrativa entre ela e a Universidade, estando obrigada a subscribir a oportuna declaración ao respecto, antes do inicio da percepción da bolsa.

## **XIII.- Incompatibilidades.**

No caso de que a persoa beneficiaria da bolsa goce doutra bolsa distinta ás de axuda ó estudo deberá solicitar a compatibilidade da mesma, podendo, en caso contrario, ser causa de anulación da condición de bolseiro ou bolseira á que se refire esta normativa.

Aquela persoa beneficiaria da bolsa que estea a gozar dunha bolsa para a

formación complementaria e resulte seleccionada na presente convocatoria, deberá renunciar a aquela con carácter previo ao seu nomeamento. En caso contrario, non se procederá ao nomeamento derivado desta convocatoria.

**CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO NAS AULAS DE VIDEOCONFERENCIA DO CAMPUS DE OURENSE**

ANEXO II

**IMPRESO DE SOLICITUDE**

Denominación da convocatoria: **Bolsa de colaboración nas aulas de videoconferencia do Campus de Ourense**

APELIDOS:		NOME:		SEXO:	
D.N.I.		ENDEREZO:			
C. POSTAL:		LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
CORREO ELECTRÓNICO:			TELÉFONO MÓBIL:		
TELÉFONO FIXO:			MATRICULADO/A EN:		

***Nota: Co fin de facilitar a comunicación de maneira persoal, é indispensable poñer o teléfono móbil e o enderezo de correo electrónico que deberá ir en letras maiúsculas.***

**II – DOCUMENTACIÓN ENTREGADA**

- 1.- Currículum Vitae relacionado co obxecto da convocatoria e declaración xurada.....
- 2.- Documentos acreditativos de cursos de formación relacionados coa convocatoria .....
- 3.- Certificación Académica Persoal de estudos .....
- 4.- Resgardo de matrícula .....
- 5.- Certificación de estar realizando o P.F.C. ou Tese de Licenciatura.....
- 6.- Ficha persoal de pagamentos (segundo modelo).....
- 7.- Fotocopia D.N.I. ....
- 8.- Vida laboral .....
- 9.-Xustificante de disfrute de bolsa distinta ás axudas de estudo, e solicitude de compatibilidade ....

Ourense, ..... de .....de 2012  
Sinatura

**EXCMA. SRA. VICERREITORA DO CAMPUS DE OURENSE**



## **FORMATO DO CURRÍCULUM VITAE**

- 1.- Certificación Académica de estudos.
  
- 2.- Documentos acreditativos de cursos de formación relacionados coa convocatoria.
  
- 3.- Certificación de estar realizando o P.F.C. ou Tese de Licenciatura.
  
- 4.- Documentos acreditativos de experiencias de formación relacionados coa convocatoria.

### **DECLARACIÓN XURADA**

Don/Dona ....., con DNI .....,  
declara baixo xuramento que tódolos datos que manifesta neste escrito son verdadeiros e comprométese a achega-los documentos que así o acrediten, e entende que coñece tódolos  
términos da convocatoria onde se expresa que a ocultación ou falsidade de documentos leva  
consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

Lugar e Data:

Asinado: